



**ACTA N.º 11/2012  
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 29 DE NOVEMBRO  
DE 2012**

**ASUNTOS**

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO**

**I.- PARTE RESOLUTIVA**

**I.1.- ACTA ANTERIOR**

**I.2.- CONTA XERAL EXERCICIO 2011**

**I.3.- ORDENANZA XERAL DE PREZOS PÚBLICOS**

**I.4.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE LOCAIS  
MUNICIPAIS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS**

**I.5.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE VEHÍCULOS DA  
VÍA PÚBLICA E POLA INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS MAL ESTACIONADOS**

**I.6.- MODIFICACIÓN SINGULAR N.º 24 DAS NNSS DE PLANEAMENTO REFERIDA ÁS ORDENANZAS N.º 6 E 7:  
TRÁMITE DE APROBACIÓN PROVISIONAL**

**I.7.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEMP  
PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E A MUTUA COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA**

**II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

**II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

**II.2.- ROGOS E PREGUNTAS**

**ASISTENTES:**

**Grupos:**

**Alcalde-Presidente:**

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

**Concelleiros/as:**

- PP:

- D. Ignacio Vilas González  
- D. Alberto García Pazos  
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño  
- D.<sup>a</sup> Ana Rosa Costas Abalde  
- D. José Álvarez Valverde  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorroto  
- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Araujo Duarte  
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Martínez Losada  
- D.<sup>a</sup> Rosa Manuela Vilán Costas  
- D. Rubén Rial Sánchez  
- D. Manuel Doldán Costas

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz  
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

#### **Outros datos da sesión:**

- *Data:* Xoves, 29 de novembro de 2012.
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 10:01
- *Hora de remate:* 12:33
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17
- *Membros non asistentes:* Ningún

#### **Incidencias:**

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se producen.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

A Concelleira deledada D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Pino Fernández dá lectura a seguinte declaración, asumida polos grupos municipais na Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de novembro de 2012:

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Dende que en 1999 a Asamblea Xeral das Nacións Unidas acordara declarar o día 25 de novembro o Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero en homenaxe ás irmáns Mirabal brutalmente asasinadas na República Dominicana, cada ano nestas datas facemos balance sobre os datos da violencia contra as mulleres.

A violencia de xénero atenta contra os dereitos fundamentais das mulleres: o dereito a liberdade, a saúde, á seguridade e incluso o dereito fundamental por excelencia, o dereito a vida. A violencia de xénero conforma a expresión máis dramática da desigualdade existente entre homes e mulleres, é unha violencia baseada na dominación, o privilexio e na



superioridade dun sexo sobre o outro.

Desde hai mais dunha década os gobernos que se sucederon en España articularon medidas tendentes á erradicación da violencia de xénero, atendendo ás recomendacións dos organismos internacionais: sucedéronse varias reformas do Código Penal, creouse a orde de protección, publicouse a Lei Orgánica 1/2004, de 29 de decembro, de medidas de protección integral contra a Violencia de Xénero, as Comunidade Autónoma non permaneceron alleas legislando sobre esta materia no ámbito das súas competencias, en Galicia publicouse a Lei 11/2007, de 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, implementáronse axudas económicas co obxectivo de favorecer que as mulleres romperan co círculo da violencia, articuláronse recursos para salvagardar a seguridade e integridade das mulleres, creáronse programas de atención psicolóxica para as vítimas da violencia de xénero e de reeducación para homes agresores, comezouse a contabilizar as denuncias interpostas e as vítimas mortais de xeito diferenciado o que permitiu dimensionar en parte o problema, xa que os datos esquecen outras vítimas: os fillos e as fillas das mulleres que sofren violencia de xénero, segundo un recente estudo da organización Save The Children en España existirían ao redor de 800.000 menores vítimas directas da violencia de xénero ben por sufrir directamente agresións ou presenciar as agresións a súa nai, as estatísticas oficiais tamén esquecen ás mulleres que se viron abocadas ao suicidio, como consecuencia da situación de violencia que sufriron, ou as que padecerán secuelas invalidantes durante o resto da súa vida debido a brutais agresións.

A especial sensibilidade coa que actualmente se aborda a violencia contra as mulleres contrasta coa invisibilidade de épocas pasadas, grazas en gran medida á labor desenvolvida durante anos e de xeito incansable polas organizacións de mulleres, é por tanto un acto de xustiza recoñecer a súa impagable contribución á erradicación da violencia de xénero.

No que vai de ano e segundo os datos publicados polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (actualizados a 08/11/2012) 40 mulleres foron asasinadas a mans das súas parellas ou exparellas, 4 casos mais están en proceso de investigación. Esta estadística revela un dato enormemente preocupante, só 7 das mulleres interpuxeron denuncia previa, o que evidencia que a pesar dos avances na prevención e o tratamento da violencia de xénero, aínda queda moito por facer: é necesario continuar implementando políticas que favorezan a igualdade entre homes e mulleres, tamén é necesario desenvolver políticas específicas destinadas a información, sensibilización e prevención da violencia contra as mulleres, que garanten que as vítimas coñecen os recursos e os procedementos cando decidan poñer fin á situación de violencia.

Por todo o exposto anteriormente, o Pleno **DECLARA:**

Con motivo da conmemoración o vindeiro 25 de novembro do Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero o Concello de Nigrán en Pleno manifesta a súa solidariedade coas vítimas da violencia de xénero e condena todos os actos de violencia contra as mulleres calquera que sexa o ámbito no que se produza: social, familiar, laboral....

O Concello en pleno comprométese a arbitrar as medidas que estén ao alcance do Concello de Nigrán para salvagardar a integridade e seguridade das mulleres nigranenses.

O Concello en Pleno comprométese a articular medidas que fomenten a corrección dos factores que manteñen as desigualdades entre homes e mulleres na sociedade.

Incluír aos fillos e fillas como vítimas directas da violencia de xénero en todos os programas específicos destinados á prevención, erradicación e tratamento da violencia de xénero que desenvolva o Concello de Nigrán.

## I.- PARTE RESOLUTIVA

### I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 25 de outubro de 2012.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 25 de outubro de 2012 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

### I.2.- CONTA XERAL EXERCICIO 2011

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 19 de setembro de 2012, informou favorablemente o expediente da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2011.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* Resume a tramitación, incluída a ausencia de alegacións. Trátase de sometela ao Pleno para remitila ao Tribunal de Contas.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Corresponde á xestión de dous gobernos. Resume os aspectos esenciais. Hai partidas de ingresos que non acadaron obxectivos, o que non ocorreu no caso das multas de tráfico, na que se superaron as previsións. No relativo aos gastos non se investiu nada do previsto para a recuperación das dunas. Soben o alumeado público e os gastos xurídicos. Tampouco se gastou o previsto para actividades culturais, entre outros desaxustes. A execución parece aceptable. O informe do Interventor chama a atención sobre deficiencias na tramitación dos expedientes. Pide que se melloren as prácticas que dan lugar a estes reparos, incluída a excesiva actuación a través dos contratos menores.

*Sr. García Pazos:* Explica as razóns dalgúns dos desfases apuntados. A conta como tal non ten reparos. Refírese a unha reclamación de intereses non pagados, que segundo o informe do Interventor poderían dar lugar a responsabilidades. O saldo é mellor que o dos exercicios precedentes.



**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 15; PP e PSOE.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 2; grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2011.

### **I.3.- ORDENANZA XERAL DE PREZOS PÚBLICOS**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 21 de novembro de 2012, informou favorablemente o expediente da ordenanza xeral de prezos públicos, ca seguinte proposta do Concelleiro de Facenda e Contratación:

Considerando preciso establecer e fixar diversos prezos públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal polo Concello de Nigrán.

Tendo en conta a pluralidade de servizos e actividades de competencia municipal, e estimando preciso dotarse do procedemento máis áxil e rápido para establecer os supostos de aplicación de prezos públicos e para fixar ou modificar os seus importes, sempre de conformidade co disposto no Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Este Concelleiro proponlle ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar a seguinte ordenanza xeral de prezos públicos:

#### **ORDENANZA XERAL DE PREZOS PÚBLICOS**

**Artigo 1.-** O Concello de Nigrán, facendo uso da facultade indicada no artigo 127 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e de conformidade co disposto nos artigos 41 ao 47 da citada Lei, regula os principios xerais e as normas comúns aplicables a todos os prezos públicos do Concello.

**Artigo 2.-**

1. serán a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias, de carácter non tributario, que se satisfagan pola prestación de servizos ou a realización de actividades que sexan competencia do Concello de Nigrán, sempre que non conorra nengunha das circunstancias indicadas na letra B) do artigo 20.1 do TRLRFL.
2. Non poderán esixirse prezos públicos polos servizos e actividades enumerados no



artigo 21 do TRLRFL.

### **Artigo 3.-**

1. O establecemento, modificación e fixación dos prezos públicos efectuarase polo Concello Pleno, ou pola Xunta de Goberno se o Concello Pleno delegara a competencia ao abeiro do establecido no artigo 47.1 do TRLRFL e no artigo 23.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
2. Os acordos de establecemento e fixación dos prezos públicos indicarán o servizo ou a actividade de aplicación, os supostos de feito dos que derive a obriga de pago e as contraprestacións pecuniarias esixibles por cada acto ou feito concreto, así como os aspectos singulares que foran precisos.
3. Cada expediente administrativo referido ao establecemento, fixación, ou modificación dun prezo público deberá conter, como mínimo:
  - a) Proposta motivada formulada pola Alcaldía, ou polo concelleiro delegado da área que corresponda, que deba indicar (según proceda):
    1. Os servizos ou as actividades de competencia municipal que conlevan como contraprestación o prezo público.
    2. Os criterios obxectivos seguidos para a modificación ou derogación do prezo público.
    3. O texto do acordo de establecemento, fixación, modificación, ou derogación do prezo público.
  - b) Nos supostos de establecemento dun prezo público, ou de modificación das súas contías, unha memoria económico-financieira na que conste:
    1. O importe parcial e total dos custos directos e indirectos, os financeiros e as amortizacións, da actividade ou do servizo.
    2. Os conceptos e os importes en euros do prezo público e, separadamente e se procede, do Imposto sobre o Valor Acrecentado (IVA).
    3. O grado de cobertura, polo prezo público, dos custos indicados no apartado b.1.
    4. No seu caso, a indicación e a xustificación da concorrencia de razóns concretas e obxectivas de carácter social, benéfico, cultural ou de interese público municipal que aconsellen fixar prezos públicos inferiores aos custos indicados no apartado b.1.
    5. A existencia de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente na aplicación que proceda do estado de gastos do orzamento xeral do Concello para a cobertura, no seu caso, dos custos correspondentes en aplicación do indicado no artigo 4.2 desta



ordenanza.

- c) Informe do Interventor Xeral no Concello de Nigrán.

#### **Artigo 4.-**

1. De conformidade co establecido no artigo 44 do TRLRFL os prezos públicos deberán cubrir, como mínimo, o custo do servizo prestado ou da actividade realizada, debéndose ter en conta para a determinación de aqueles todos os custos directos así como os indirectos, os financeiros e as amortizacións.
2. Sen prexuízo do indicado no punto anterior, e con carácter excepcional e puntual, poderanse fixar prezos públicos inferiores aos custos cando se aprecie motivadamente a existencia de razóns concretas e obxectivas de carácter social, benéfico, cultural ou de interese público municipal que así o aconsellen.

#### **Artigo 5.-**

1. Están obrigados ao pago dos prezos públicos os usuarios ou beneficiarios dos respectivos servizos ou actividades.
2. Cando, por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo público, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva procederá a devolución do importe correspondente.

#### **Artigo 6.-**

1. A obriga de pagar os prezos públicos nace, en xeral, desde que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade; debéndose facer efectivo o importe total mediante depósito previo a través das entidades financeiras designadas polo Concello
2. Para que poidan ser admitidas a trámite as solicitudes de prestación do servizo ou actividade, deberán ir acompañadas do documento que acredite o ingreso previo do importe total do prezo público en réxime de autoliquidación, de conformidade co establecido no artigo 45 do TRLRFL.
3. Os obrigados ao pago deberán efectuar a autoliquidación do prezo público correspondente no impreso habilitado ao efecto polo Concello de Nigrán, realizando o pago en calquera das entidades colaboradoras indicadas no impreso citado; o ingreso deberase acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude ou inscrición.
4. O pago da autoliquidación terá carácter provisorio, e será a conta da liquidación definitiva que proceda, a realizar polo Concello de Nigrán, logo da oportuna comprobación administrativa.

**Artigo 7.-** Para o non previsto nesta ordenanza nen nos acordos de establecemento e fixación

dos prezos públicos, estarase ao disposto no TRLRFL, na Lei xeral orzamentaria, no Regulamento xeral de recadación e demais normativa aplicable.

**Disposición final.** Esta ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse logo da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra e unha vez transcorrido o prazo indicado no artigo 65.2 da LRBRL; permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

**Segundo.-** Expoñer ao público o expediente administrativo correspondente á ordenanza xeral de prezos públicos durante trinta días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, nun dos xornais de maior difusión na provincia, e no taboleiro de anuncios do Concello.

A ordenanza considerarase aprobada definitivamente se durante a súa exposición ao público non foran presentadas reclamacións e, de presentarse, o Concello Pleno resolveríaa; aprobando definitivamente, no seu caso, a ordenanza.

**Terceiro.-** Delegar na Xunta de Goberno o establecemento ou a modificación de todos os prezos públicos do Concello de Nigrán, ao abeiro do disposto no artigo 47.1 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e no artigo 23.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

A delegación indicada entenderase avocada polo Pleno do Concello, para un acto concreto e individualizado, pola simple adopción dos acordos de establecemento, modificación ou fixación da contía dos prezos públicos polo Concello Pleno; sen que esa avocación supoña a revogación da delegación efectuada con carácter xeral.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* Explica a proposta que inclúe a delegación na Comisión de Goberno.

*D. Juan Antonio González Pérez, do partido socialista:* A delegación pode axilizar a toma de decisións, pero opina que o Pleno debería participar. Dise na exposición de motivos que as actividades deportivas deben cubrir os custes. Isto podería impedir a moitos cidadáns realizar as actividades programadas.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Non está de acordo coa iniciativa da delegación, aínda que é razoable contar cunha ordenanza xeral. Cre que é un retroceso no proceso de participación. Que debería incluír o debate na Comisión Informativa e no Pleno. Non está de acordo.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Pode axilizarse o proceso en cuestións menores. Isto non impide que teña participación a Comisión Informativa. Apoia a proposta.

*Sr. García Pazos:* O BNG mantén a coherencia, a diferenza do que di o PSOE, porque non sempre se adoptaron prezos que cubrisen os custes. Serán discutidos pola Comisión





Informativa, salvo casos de urxencia xustificada. A Xunta de Goberno tamén se ten que axustar á legalidade.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Trátase de facer as cousas ben. O PSOE conclúe, sen fundamento, que se van subir os prezos ata cubrir os custes. Do que se trata é de axilizar o proceso. Antes da Xunta de Goberno participará a Comisión Informativa, salvo urxencia.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP e o Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 7; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

#### **I.4.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE LOCAIS MUNICIPAIS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 21 de novembro de 2012, informou favorablemente o expediente da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización de locais municipais para a prestación de servizos asociados á celebración de matrimonios civís, ca seguinte proposta do Concelleiro de Facenda e Contratación:

Visto o establecido no “Resumen del Plan de saneamiento 2009-2015 e indicadores de cumplimiento”, aprobado polo Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 8.07.09, con respecto ás variacións dos tipos tributarios das taxas e prezos públicos para cada un dos anos 2012 ao 2015, ambos inclusive, incrementando os tipos tributarios en cada un dos anos citados nun 4,00 por 100 con respecto aos do ano precedente.

Vista a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización de locais municipais para a prestación de servizos asociados á celebración de matrimonios civís.

Tendo en conta a situación económica, e coa finalidade de non incrementar a presión fiscal, considérase preciso adecuar as cuotas tributarias da ordenanza fiscal citada en función da variación anual do IPC según datos do “Instituto Nacional de Estadística” (INE), e non en función da porcentaxe establecida (4,00 por 100) no “Resumen del Plan de saneamiento 2009-2015 e indicadores de cumplimiento” antes citado; e sen prexuízo de paliar a falta de incrementos xeralizados para o ano 2013 dos tipos tributarios coa redución de gastos por contías similares no ano 2013.

Este concelleiro propónlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

**Modificar a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización de locais municipais**

para a prestación de servizos asociados á celebración de matrimonios civís; modificación que afectaría ao artigo 4 da citada ordenanza, que terá a seguinte redacción:

**Artigo 4.- Cuota tributaria.** O importe a abonar por cada matrimonio civil será de 108,68 euros.

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* Tráese agora ao Pleno porque non é una taxa de devengo anual. Non significa un incremento significativo pero contribúe a aproximarse ao equilibrio das contas.

*D. Juan Antonio González Pérez, do partido socialista:* Non están de acordo con esta política de axustarse ou non ao Plan de saneamento, segundo conveña.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Vai votar en contra, non tanto polo incremento, senón polo concepto en si. Pensa que se excede do custo do servizo. A súa experiencia así o confirma. Por outra parte, a realización de actuacións desta natureza fóra da Casa Consistorial, si se debería incluír.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Este servizo empezou sendo gratuíto. Non parece que o que se cobra sexa esaxerado. O incremento do último IPC parece razoable. O seu grupo non apoiou o Plan de saneamento, polo que non se sente vinculado ao mesmo. Votará a favor.

*Sr. García Pazos:* Na ordenanza aprobada polo goberno anterior había un estudio de custos. Pedirá que se actualice. Facilitará un informe sobre a posibilidade de cobrar taxas por actuacións fóra das dependencias.

*Sr. Rodríguez Fernández:* O que pensa é que hoxe os custes non se compadecen co que se cobra. Pide que lle facilite ese informe sobre os cobros polas que se celebran fóra.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Comparte que non é xusto que os actos que se fan fóra non se cobren.

*Sr. Secretario Xeral:* Desde o punto de vista legal, entende que o acto formal debería realizarse nas dependencias municipais.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP e o Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: 6; PSOE.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

### **I.5.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA E POLA INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS MAL ESTACIONADOS**

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 21 de novembro de 2012, informou favorablemente o expediente da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de vehículos da vía pública e pola inmovilización de vehículos mal estacionados, ca seguinte proposta do Concelleiro de Facenda e Contratación:

Visto o establecido no "Resumen del Plan de saneamiento 2009-2015 e indicadores de cumprimento", aprobado polo Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 8.07.09, con respecto ás variacións dos tipos tributarios das taxas e prezos públicos para cada un dos anos 2012 ao 2015, ambos inclusive, incrementando os tipos tributarios en cada un dos anos citados nun 4,00 por 100 con respecto aos do ano precedente.

Vista a ordenanza fiscal reguladora dos dereitos e taxas pola recollida de vehículos da vía pública e pola inmovilización de vehículos mal estacionados.

Tendo en conta a situación económica, e coa finalidade de non incrementar a presión fiscal, considérase preciso adecuar as cuotas tributarias da ordenanza fiscal citada en función da variación anual do IPC según datos do "Instituto Nacional de Estadística" (INE), e non en función da porcentaxe establecida (4,00 por 100) no "Resumen del Plan de saneamiento 2009-2015 e indicadores de cumprimento" antes citado; e sen prexuízo de paliar a falta de incrementos xeralizados para o ano 2013 dos tipos tributarios coa redución de gastos por contías similares no ano 2013.

Este concelleiro propónlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Modificar a ordenanza fiscal reguladora dos dereitos e taxas pola recollida de vehículos da vía pública e pola inmovilización de vehículos mal estacionados; modificación que afectaría ao artigo 3 da citada ordenanza, que terá a seguinte redacción:

#### **Artigo 3.- Cuota tributaria.**

Os importes da taxa son os seguintes

Concepto	Importe (€)
1.—Por enganche:	
1.1.—De vehículos de menos de catro rodas	28,26
1.2.—De turismos en xeral e furgonetas	50,00
1.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	72,81
2.—Por enganche e traslado ao depósito:	
2.1.—De vehículos de menos de catro rodas	56,51
2.2.—De turismos en xeral e furgonetas	101,07
2.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	145,62
3.—Por depósito (por día ou fracción):	

3.1.—De vehículos de menos de catro rodas	6,21
3.2.—De turismos en xeral e furgonetas	10,87
3.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	16,30
4.—Por inmovilización (de calquera clase):	
4.1.—De vehículos de menos de catro rodas	33,69
4.2.—De turismos en xeral e furgonetas	56,51
4.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	78,25

**Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* Co fin de evitar os céntimos propón reconsiderar certas contías das propostas. Recorda as determinacións da lei de Seguridade Vial. A finalidade é dar o mellor servizo ao menor custe. Estamos nun termo medio do importe en relación a concellos da contorna. Revisaranse os vaos e os que o teñan ao día poderán pedir que se preste ese servizo.

*D. Juan Antonio González Pérez, do partido socialista:* Remítese ao dito no punto anterior.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Está ben que se revisen os vaos. Parece un brinde ao sol incumprir o Plan de saneamento para, nalgún caso, deixar de ingresar 25 céntimos. Está en contra da privatización do servizo. Xa se verá o resultado cando se facture. Pensa que era preferible utilizar medios propios.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* É razoable redondear os céntimos. O incremento parece asumible. Hai un déficit económico no balance do servizo. O sistema anterior era ineficiente. Vai apoiar a proposta.

*Sr. García Pazos:* En relación ao sistema anterior había reparos do Interventor sobre a forma de retribuír ao persoal que se ocupaba do servizo. Por outra parte, non se pode contratar máis persoal. As circunstancias impulsaron a esta solución.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Pensa que se poden buscar fórmulas cos medios propios.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non funcionaba correctamente este servizo. Os déficits económicos anuais eran notables, sen contar os problemas que xeraba para a brigada de obras. Coa nova fórmula búscase aumentar ingresos e recortar gastos. O expediente de contratación da grúa está correctamente documentado.

*Sr. Fernández Comesaña:* Sobre a contratación da grúa, pensa que houbo irregularidades. Basta ver o informe da Intervención. Aínda compartindo a privatización, podería ser incluso un servizo mancomunado.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Hai un informe que avala a corrección do procedemento de contratación. Ten que levantar moitos reparos, e aquí faino porque está amparado legalmente.



Sr. González Pérez: Pide que se trate en rogos e preguntas o tema da grúa, porque aquí non corresponde.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP e o Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: 6; PSOE.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta, redondeando os importes que figuran na mesma, do que resultan as contías seguintes:

**Artigo 3.- Cuota tributaria.**

Os importes da taxa son os seguintes

Concepto	Importe (€)
1.—Por enganche:	
1.1.—De vehículos de menos de catro rodas	28,00
1.2.—De turismos en xeral e furgonetas	50,00
1.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	73,00
2.—Por enganche e traslado ao depósito:	
2.1.—De vehículos de menos de catro rodas	56,50
2.2.—De turismos en xeral e furgonetas	101,00
2.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	146,00
3.—Por depósito (por día ou fracción):	
3.1.—De vehículos de menos de catro rodas	6,00
3.2.—De turismos en xeral e furgonetas	11,00
3.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	16,00
4.—Por inmovilización (de calquera clase):	
4.1.—De vehículos de menos de catro rodas	34,00
4.2.—De turismos en xeral e furgonetas	56,50
4.3.—De vehículos pesados (de máis de 2.000,00 kilogramos)	78,00

**I.6.- MODIFICACIÓN SINGULAR N.º 24 DAS NNSS DE PLANEAMENTO REFERIDA ÁS ORDENANZAS N.º 6 E 7: TRÁMITE DE APROBACIÓN PROVISIONAL**

Expte. nº: 10/0871

A Comisión Informativa de Urbanismo do 22.11.2012, formula ao Pleno a seguinte Proposta:



1.- O Pleno do Concello de Nigrán, en sesión do 31 de maio de 2012, aprobou con carácter inicial a proposta de modificación singular nº 24 das Normas Subsidiarias de Planeamento do municipio de Nigrán referida ás ordenanzas números 6 e 7".

2.- Con carácter previo, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras -CMATI-) ditara a decisión do 28 de outubro de 2011 publicada no DOG nº 227 do 28 de novembro de 2011, resolvento que non é necesario someter a Modificación á avaliación ambiental estratéxica prevista dentro do procedemento integrado de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico.

3.- Consta informe favorable da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 23 de abril de 2012, previo a aprobación inicial.

4.- Emitíronse, igualmente , os seguintes informes sectoriais favorables:

- De Augas de Galicia do 10 de xaneiro de 2012.
- Da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emitido en data 24 de febreiro de 2012.
- Da Axencia Galega de Infraestructuras de 12 de marzo de 2012.
- Da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de datas 27 de febreiro de 2012, sobre compatibilidade da modificación coa normativa de costas.

5.- O Acordo de aprobación inicial foi publicado en dous xornais (Faro de Vigo do 20/06/2012 e Atlántico Diario do 21/06/2012), así como no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 118 do 20/06/12 e no Diario Oficial de Galicia nº 129 do 06/07/12, ambos expostos no taboleiro de anuncios municipal e notificado os concellos limítrofes.

Durante o período de información pública achegáronse alegacións dos particulares que son informadas polo arquitecto municipal o 25/09/12 e polo técnico de administración xeral o 30/10/12.

Tendo en conta o sinalado e os demais pormenores do expediente, de conformidade co previsto nos arts. 22.2.c da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, propónse ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar con carácter provisional a proposta de modificación das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Nigrán referida ás ordenanzas números 6 e 7.

**SEGUNDO.-** Seguir a tramitación do procedemento, e remitir cando proceda o expediente dilixenciado ao órgano autonómico competente que deba outorgar a aprobación definitiva.

**TERCERO.-** Facultar ó Alcalde para realizar as actuacións que requira a execución do acordado.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Refírese ao proceso seguido e ás 3 alegacións presentadas, que foron



informadas polos técnicos. Trátase de desestimar as alegacións e aprobar provisionalmente.

*D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:* Hai unha incoherencia no goberno, que criticaba ao PSOE por tramitar modificacións das normas durante o proceso de aprobación do PXOM. Agora o PSOE non pode esquecer isto, a non ser que o goberno non teña previsto aprobar o PXOM. O goberno paralizou a de Chandebrito e a do SAU-12, pero esta non a paran. Deberían explicar por que se actúa así. E se continúan coas outras, o PSOE apoiaríaas todas. Xa o dixeron na aprobación inicial.

*D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:* Mantén a postura expresada na aprobación inicial. Pensa que unha das razóns era a regularización de edificacións executadas con licenza municipal. Refírese ao informe xurídico, e está de acordo co que alí se di. O que discute é como se fai a modificación, é dicir, que non se faga a través do Plan Xeral. Por isto, votará en contra.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Presentáronse 3 alegacións. Informáronse en sentido desestimatorio. Parece que se quere criminalizar a quen acudiu a un proceso público de adquisición de parcelas, que contemplaba un aproveitamento, que logo foi autorizado mediante a licenza de obras. Aquí o prexuízo é para o Concello. Non é o caso de actuacións feitas sen licenza, como é o caso de Chandebrito. En coherencia coa súa postura anterior, votará a favor, denunciando a inxusta criminalización das persoas que son vítimas dunha actuación municipal. Hai unha alegación que lle merece reproche, que critica a un funcionario municipal, que, se non se axusta á verdade, podería xerar responsabilidade para o alegante.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non é xusto que se poña isto en comparación coa de Chandebrito, cando a propia empresa redactora e a Xunta eran partidarias de incluílo no Plan Xeral. No tema do SAU-12, o que se está é dándolle encaixe no PXOM. No caso que se debate hai posibles responsabilidades pola actuación municipal. Non é unha modificación "ad hoc". Así se recoñece nos informes.

*Sr. González Pérez:* Esta modificación iniciouna o goberno do PSOE. Non importa quen son os propietarios. O que se dixo é que as de Chandebrito e do SAU-12 estaban tamén en marcha, e que se as continúan, apoiaranas todas. Na súa etapa de concelleiro de urbanismo celebrouse en Santiago unha reunión sobre a de Chandebrito, e o que se acordou foi impulsar a tramitación.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Naquela reunión falouse do PXOM e da conveniencia de incluír a de Chandebrito neste.

*Sr. Rodríguez Fernández:* Os informes valen. Subscribe o que se di no informe xurídico, pero o que non comparte é o mecanismo da modificación puntual, e non o acudir ao PXOM.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP e o Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

- Votos en contra: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: 6; PSOE.

Coa maioría sinalada, que representa a maioría absoluta legal, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta da Comisión Informativa.

### **I.7.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEMP PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E A MUTUA COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA**

Expte: 2012/051S

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de novembro de 2012, dictamina favorablemente a Proposta do Alcaldía Presidencia do 15-11-2012 que di:

Visto o oficio da Xefatura Provincial de Tráfico de Pontevedra do 31 de xullo de 2012 (registro de entrada no Concello n.º 10.076), sobre a proposta de adhesión do Concello de Nigrán ao Convenio de colaboración asinado entre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa.

De conformidade co interesado na referida comunicación, vista a documentación que a acompaña, entre a que figura o citado Convenio e anexos e tendo en conta o previsto na lexislación aplicable, e as competencias e responsabilidades que corresponden ao Concello nesta materia, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**PRIMEIRO.-** Solicitar a adhesión íntegra ao Convenio suscrito entre o Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa, asinado en Madrid o 15 de marzo de 2006.

**SEGUNDO.-** Facultar á Alcaldía-Presidencia para subscribir os documentos necesarios para a execución do presente acordo.

**Deliberación.-** Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Explica a proposta e a intención de facilitar un trámite para os cidadáns.

*D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:* Parécelle unha boa proposta. Trátase dun intercambio de información, que ao mesmo tempo favorece aos cidadáns. A cuestión é quen se vai encargar disto. É necesario coordinalo co trámite do empadramento e buscar a tramitación telemática.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:



- Votos a favor: 17; PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

## II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de outubro de 2012 e o 31 de outubro de 2012, ambos incluídos.

### II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

#### 1.- D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:

1.1. ¿Con respecto ao Plan Xeral, temos algún prazo previsto de cando imos ter o documento para estudar os concelleiros?, porque nos deron un CD, pero despois saíu na prensa que aquel documento non servía, e haberá outro.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O que se dixo sempre foi que cando se lle entregou a copia aos membros do Consello Sectorial e aos grupos políticos do documento que entrara ese día por Rexistro, que era o que a empresa redactora nos incluía como documento para aprobación inicial, aí se mandou unha carta dicindo que ese documento estaba supeditado aos informes técnicos municipais correspondentes. Iso é o que se está facendo. Acabo de recibir o borrador do informe do Interventor, que é o último informe que queda en relación a ese documento, e o que se depara neses informes é que ten que haber modificacións. A empresa redactora está traballando de forma intensa en adaptar o documento ás esixencias dos informes da Xunta e agora dos informes técnicos municipais, no momento que a empresa remate os traballos se entregará copia do citado documento.

*Sr. González Pérez:* ¿No momento en que se fagan todas estas modificacións ten que volver á Xunta de Galicia para que informe de novo antes da aprobación inicial?

*Sr. Alcalde-Presidente:* O que teñen que dicirnos os informes técnicos municipais é que o documento se adaptou ás esixencias da Xunta de Galicia nos seus informes, e unha vez que iso sexa así non é necesario que volva a Santiago.

1.2. ¿En relación a isto, persoal da Policía Local de Nigrán visitou a xente que estivo implicada nos problemas que houbo aquí coa aprobación do ano 2006, iso é unha indicación



do xefe político de seguridade, é unha decisión do Xulgado ou é que o Xefe da Policía considerou que era oportuna a identificación desas persoas?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Rexistro de entrada no Concello o 21 de novembro de 2012, Xulgado do Penal núm. 1 de Vigo: En virtude do acordado en resolución desta data, no procedemento enriba mencionado, dirixo o presente a fin de que previa a práctica de xestións se informe de se os penados abaixo se dirán mantiveron o mesmo domicilio dende o día 04.06.2010. Relación de 14 persoas. O Xulgado manda neste caso unha instrución ao Sr. Xefe da Policía Local de Nigrán.

1.3. ¿En canto ao orzamento, pode vir antes de fin de ano?

*D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado:* Non, non vai vir antes de fin de ano, probablemente veña a principios, no mes de xaneiro. Estamos co tema dos ingresos a voltas, porque aínda hai entidades das que non sabemos que vai pasar cos ingresos, principalmente as transferencias da Xunta de Galicia. Non teñen orzamento, houbo eleccións, podemos facer un orzamento virtual este mes, ou facelo un mes máis adiante e ter uns ingresos máis reais. O capítulo de gastos, aproximadamente, porque nos ingresos da Xunta tampouco vai ser unha diferenza moi substancial. Os gastos hai minoralos porque hai que seguir pagando cousas que veñen de atrás. As partidas que sexan máis minorables haberá que baixalas, e haberá algunhas que sexan imprescindibles de manter, a de servizos sociais, esa que comentei, que o Concello pon moitos cartos, por moito que a Xunta baixe as contías.

2. *D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:*

2.1. Na Xunta do Goberno Local do día 12 pasado aprobouse a incoación do expediente de reposición de legalidade urbanística e orde de paralización da actividade de aparcamento no centro comercial A Romana, que se viña desenvolvendo sen a oportuna licenza. Nesa resolución ordénase a suspensión da actividade descrita, para o que se lle daba un prazo de 24 horas. A min me gustaría saber como continúa o proceso e cal é a situación a día de hoxe.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O prazo de 24 horas empeza a contar unha vez que están notificados. Había tres partes distintas que tiñamos que notificar, quedaba unha pendente, pero onte entrou un escrito no que todas as partes se viñan dando por notificadas ao facer alegacións. Hoxe termina o prazo e á última hora da mañá ou pola tarde, irá a Policía Local para facer a inspección e en función do que alí atopemos temos que actuar. O que está claro é que o que alí pedimos é o cese dunha actividade ilegal por non ter a licenza.

2.2. A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou o convenio para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais, concedendo unha achega ao Concello de Nigrán de 37.478,74 euros sobre un orzamento presentado de 81.181 euros. Isto ven a dar un grao de cobertura do 46,21% do total do orzamento presentado. Contrástame coas achegas realizadas a outros concellos, que representan unha porcentaxe moito maior do





gasto total, como o 61,57% do Concello de Baiona, ou o 80% do Concello de Oia. Como eu descoñezo a que se debe isto, e seguramente ten algunha razón, a min me gustaría saber a que se debe unha taxa de cobertura relativamente tan baixa para o Concello de Nigrán respecto do total do orzamento, e ademais me gustaría saber cales son os gastos cofinanciados con este convenio.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Basicamente o que se cofinancia é todo o relacionado co SAD, o Servizo de Atención Domiciliaria. Hai unha serie de parámetros, pero o mellor que podo facer é pasarche unha copia exacta, que creo que xa ma pediches o mes pasado. Pasarévola e aí podedes ver os criterios e por qué unhas cantidades ou outras.

2.3. Na obra mal chamada de seguridade viaria da PO-325, como xa se ten traído outras veces, incluso descoñezo se se plantexou algunha vez, formulo o seguinte rogo: Á altura de Praia América déronselle aos veciños, por parte da empresa que executa as obras, unhas cotas de beirarrúas co fin de que os propietarios axustaran as entradas das súas vivendas; cotas que posteriormente modificou a empresa sen comunicación algunha, orixinando graves prexuízos a tales veciños ao elevar dita cota, deixando por debaixo da mesma os seus portais e as súas entradas. Eu rogo ao goberno municipal que senón o ten feito xa, que interceda ante a dirección da obra ou ante quen corresponda, para que se lle dea unha solución a un problema que ocasionaron eles, non os veciños, ben cun rebaixe nas entradas, ben coa solución técnica posible, que eu non son capaz de propor por non ter os coñecementos para elo.

### 3. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:

3.1. No Camiño da Touza en Camos, na intersección do Camiño do Xixón, está colocada unha placa que xera confusión, porque a placa do inicio do Camiño do Xixón está colocada no Camiño da Touza. Que se desprace a placa colocada no muro do Pazo da Touza.

3.2. Varios veciños do Camiño do Pombal, na Tarela, presentaron hai meses un escrito onde pedían a instalación da rede de saneamento por ese camiño. ¿Está prevista a súa realización con fondos municipais ou con algún plan da Deputación?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Está incluído dentro das nosas previsións de cara a que a Xunta teña aprobados os seus orzamentos e que Augas de Galicia teña disposición un convenio, se pode ser plurianual, co Concello de Nigrán. Xa está incluído nunha memoria que lle facilitamos á Xunta de Galicia para facer diversas actuacións en saneamentos e abastecementos.

3.3. O pasado mes de outubro vostede anunciou a sinatura dun convenio para levar a cabo un plan piloto de aforro enerxético experimental, en colaboración co INEGA e a empresa General Eléctrica. Me gustaría saber en que situación se atopa e en que consiste, a que alumeadado afectará e que custe ten para as arcas municipais, así como o aforro que se prevé que pode supoñer.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Non o anunciei, asineino, xunto con tres concellos máis que

formamos parte dunha experiencia piloto. Neste momento xa pedimos o material, a empresa xa subminstrou o material, e os operarios municipais serán os encargados desa instalación. Vaise facer en Avda. Praia América e en Arquitecto Palacios, o que é o litoral. Despois hai unha actuación que non ten nada que ver con esta, que se vai por en marcha na iluminación das fernandinas, para o que hai outro convenio. Con respecto ao custe e ao aforro, está incluído todo no convenio. Pasareille unha copia.

3.4. No Pleno de xuño lle preguntei en que situación se atopaban os expedientes presentados para legalizar naves e vivendas construídas antes de xaneiro de 2003 e dentro da LOUGA, que daba un prazo. Vostede me informou de que se enviarían á Xunta para informe. Despois de transcorridos sete meses da finalización do prazo, ¿en que situación se atopa, cantas licenzas se concederon e como están os expedientes?.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Se remitiron desde aquí o número de expedientes que había, cantas se tramitaron e cantas estaban pendentes de tramitación. Se ben é certo que a axilidade non foi a máis idónea, por motivos de carga de traballo do departamento, están en marcha, xa se enviaron un número importante de expedientes para a Xunta, pero quedan algúns. Lle darei as cifras exactas esta semana ou para o pleno.

*Sr. Fernández Comesaña:* Enviar para a Xunta será pedirlle á Xunta que informe en que situación se poden atopar en canto ao inicio de expedientes sancionadores.

3.5. O Concello de Nigrán delegou no seu día na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) a xestión sancionadora e de inspección en materia de urbanismo. ¿Que balance podemos facer destes últimos anos? ¿Que ingresos se recibiron por infraccións urbanísticas e por multas coercitivas? ¿Cantos expedientes se remitiron e en que situación se atopan?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Me di o Interventor que é a mesma cifra que había fai algún tempo, cero. É un dos convenios que nós na oposición plantexáramos romper. Seguimos analizando esa situación. O Concello que máis expedientes ten en Santiago en espazo físico é Nigrán, que iso xa é algo para reflexionar, temos as nosas dúbidas de que iso funcione como ten que funcionar, resolva como ten que resolver. Estamos analizando a posibilidade de continuar ou non.

*Sr. Fernández Comesaña:* Ven a confirmar o que dixemos entón, que a APLU non estaba pensada para concellos da natureza como a de Nigrán, dado o seu volume, senón para aqueles Concellos que non tiñan medios. Me gustaría saber cantos expedientes remitiron e cales deses son os que tramitaron, para tomar a decisión.

3.6. Con respecto ao Plan Xeral xa dixo vostede que o Interventor xa fixo o borrador do último informe que faltaba, porque eu lle solicitara por escrito os informes e me contestou que aínda non estaban todos. Me imaxino que era ese o que faltaba, entendo que os demais xa estaban emitidos. Me gustaría saber cando nolos vai entregar.

*Sr. Alcalde-Presidente:* No momento en que me pase o informe o Sr. Interventor llo pasarei.



3.7. Na rúa Telleira, no seu día, levouse a cabo a urbanización mediante convenio asinado coa Deputación; obras realizadas mediante colaboración que na súa maioría cederon voluntariamente os terreos, sen embargo algúns non o fixeron e as obras están interrompidas. ¿Que xestións realizaron ata a data? ¿Ten previsto levar a cabo algún expediente de expropiación?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Ningunha; e non. De momento non. Hai que establecer prioridades. A Deputación é a competente.

3.8. Lévolle preguntado xa en varias ocasións polo DNI electrónico, ¿que xestións fixo ultimamente e que xestións fixo para que Nigrán dispoña dunha unidade móbil?

*Sr. Alcalde-Presidente:* A explicación é o Capítulo I dos Orzamentos do Estado, que ten problemas para por en marcha máis unidades móbiles por causa de recursos humanos, non hai persoal dispoñible. O erro foi deixalo ir no seu día. Preocúpanos e trataremos de recuperalo.

3.9. Con respecto ao contrato da grúa, eu digo que é un proceso chapuceiro, en base aos informes. Vostede asinou unha providencia de inicio do expediente o 22 de agosto de 2012, sen embargo as ofertas que constan no expediente unha ten data 9 de agosto, outra non ten data, outra 21 de agosto, as ofertas aparecen antes de que vostede iniciara o expediente.

*Sr. Alcalde-Presidente.* O importante é que haxa contrato. Cúmpanse os requisitos dun contrato menor.

\*\*\*

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.